

Editorial

non valen escusas



Nas últimas eleccións xerais Galiza volveu perder, outra volta, un escano máis no Congreso. Desta vez pola circunscrición da Coruña. E xa van cinco. Eliximos menos deputados mais o censo electoral galego non deixou de medrar. Máis votantes e menos representantes. Un paradoxo que é consecuencia dunha lei electoral española que distribúe os escanos en atención a unha “poboación de dereito” que inclúe os inmigrantes – que, aínda que deberían, non votan - e exclúe aos emigrantes - que si o fan. Ben máis lóxico sería asignar o número de escanos en función do censo electoral, tal e como o BNG veu proponendo ou establecer para os emigrantes unha circunscrición de seu... mais disto PP e PSOE non queren falar.

Asistimos ao escándalo da campaña ultramarina de PP e PSOE. Temos xa unha comisión de investigación aberta no Parlamento. Mais non se detecta propósito real de emenda dunhas prácticas que, en calquera país democrático, provocarían a anulación das eleccións e a prisión dos responsábeis.

Con todo, hai algunhas iniciativas que merecen ser salientadas. **A comezar por unha proposición de reforma da Lei electoral xeral, un acordo de mínimos que persegue implantar o voto en urna no exterior, a depuración e o cruzamento dos censos e a regulación da campaña electoral.** E nesa mesma liña vai o ditame que pon fin aos traballos da comisión de investigación sobre a axente electoral do PSOE na Arxentina que, alén de esclarecer os feitos, vai á raíz do problema: a existencia dunha lexislación que permite e alenta a fraude electoral protagonizada polos partidos estatais no exterior.

Xa que logo, hai traballo feito e compromisos que deben ser cumpridos. Trátase de que a reforma electoral, impulsada desde Galiza, sexa aprobada e entre en vigor antes das próximas eleccións autonómicas.



Desta vez non valen escusas.



Manuel Curros Enríquez un clásico



Francisco Rodríguez Sánchez: catedrático de Lingua e Literatura autor do libro, *A Evolución Ideolóxica de M. Curros Enríquez*, (1973).

Este ano cúmprense 100 da morte de Curros e do traslado do seu cadáver da Habana á Coruña. É un bo momento para revisar o valor e a vixencia dun dos nosos clásicos do XIX. A verdade é que o tempo non fai máis que subliñar a transcendencia da súa obra, embora poida parecer a algúns, que falan de ouvidas, anticuada.

Hai, cando menos, tres aspectos que vigorizan a capacidade de Curros para chamar hoxe a atención. O primeiro, sobranceiro, é comprobar como se transloce no seu pensamento e na súa actitude a incidencia do proceso globalizador entre séculos (XIX-XX). Lembra o que hoxe nós estamos a vivir. Falando en prata, a súa aproximación cada paso máis fonda á crenza de que a problemática de Galiza como pobo está vinculada ao fenómeno do imperialismo. Consecuentemente, a súa aposta, a cada paso máis clara e contundente, a prol do dereito ao autogoberno dos pobos, da igualdade das linguas, e do desenvolvemento pleno dunha cultura, non só literaria, propia. Recomendo a lectura dun poema que podemos considerar o seu testamento poético, **Na Tumba de Rosalía** (1904), elaborado para ser lido na oferenda floral en San Domingos de Bonaval a



A Coruña. Enterro do poeta galego Curros Enríquez.

quen el consideraba "musa dos pobos", perseguida precisamente por alumearnos coa estrela da liberación. Porén, se alguén quer comprobar o seu anti-eurocentrismo, a súa radical reivindicación da igualdade de todas as razas humanas, a súa denuncia dunha historia oficial que consagra o xenocidio en nome da civilización, pode achegarse aos seus artigos en *La Tierra Gallega*, semanario por el dirixido na Habana, en circunstancias ben difíceis, a última fase da Guerra da Independencia de Cuba.

O segundo aspecto exemplar é a evidencia de canto queda aínda por asumir do seu ideario democrático: a laicidade, o libre pensamento, a expansión dunha verdadeira cultura e sabedoría popular, de base nacional galega, a vivencia da relixión como factor favorábel á igualdade e á fraternidade entre os seres humanos, a eliminación da pena de morte, a desaparición de formas feudais, como as monarquías...

O terceiro aspecto, sintético, é o valor estético da súa poesía en lingua galega, tan orixinal, tan eficaz pola súa incardinación coa realidade e nos achados de novidosos recursos literarios para facela chamativa e evidente, preñada de emoción.

Non é pouco que un poeta tan explicitamente ideolóxico e do seu tempo manteña a cualidade dos grandes clásicos en tantos aspectos. Seguramente é por ter sido expresión dun esforzo racional e emotivo por descubrir e identificarse cun pobo negado, nun proceso de transnacionalización, cun afán de inserilo na historia dunha humanidade que só ten a súa salvación na igualdade e na liberdade.



Xosé M^a Álvarez Blázquez

(Día das Letras Galegas 2008)



Esperanza Mariño Davila profesora no IES de Cacheiras, concello de Teo.

Do matrimonio formado polo médico pontevedrés Darío Álvarez Limeses e pola cubana María Blázquez Ballester, nacida en Matanzas e de pais españois, naceron media ducia de fillos: Darío, Celso, Xosé M^a, Afonso, Emilio e Álvaro, que medrarían no seo dunha familia burguesa, culta e con inquietudes. Xa o propio avó Emilio Álvarez Jiménez, natural da Póboa de Seabra e catedrático de literatura española, demostrara inclinación pola cultura galega.

Desde novo, Xosé M^a Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) militou na Federación de Mocidades Galeguistas e posteriormente, no Partido Galeguista. Cedo manifestaría, tamén, unha nidia vocación literaria. Á vila do Lérez chega no ano 30 co fin de estudar Maxisterio; alí comeza a escribir os primeiros poemas, que se alicerzarán coa creación da revista *Cristal* (1932), unha das publicacións das vangardas poéticas galegas. Un trienio despois iniciábase como mestre en diversas vilas da provincia até o desterro en Coreses (Zamora), onde permaneceu



ce dando clase durante un lustro. Non será até o ano 1968 –e deica a xubilación– cando volta ao ensino para dar clases de formación humanística no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo. Nesta época compaxina tal xeira docente co labor de editor en Edicións Castrelos (1964), pioneira na creación de coleccións populares coma “O Moucho e Pombal” (pero xa antes, no ano 1950, fundara a editorial Monterrey).

Na posguerra traballa así mesmo como vogal do Padroado do Museo Municipal vigués e como delegado local de escavacións arqueolóxicas do Concello, descubriendo unha serie de lousas sepulcrais da época romana, as industrias paleolíticas do Baixo Miño, as Gándaras de Budiño, etc.

Home polifacético (poeta, ensaísta, crítico literario, conferenciante, editor, libreiro, arqueólogo e investigador, ademais de activo militante galeguista), en 1962 ingresa na Real Academia Galega. En 1983 comparte o Pedrón de Ouro con Ramón Martínez López, á vez que resulta nomeado membro do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

Como narrador foi máis prolífico en castelán, con todo, en lingua galega escribiu *Os ruíns* (1936), conxunto de cinco relatos breves que permaneceu inédito e *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971). En castelán publicou *El crimen de la isla verde* (1941) e un cuatrienio despois *En el pueblo hay caras nuevas*, finalista do primeiro Premio Nadal (narración plena de contido humorístico matizado por unha finísima ironía). Co tempo virán *Una cabaña en el cielo* (1952), *Las estatuas no hablan* (1955) e *Crecean las aguas* (Premio Galdós de Novela, 1955). Desta cómpre sinalar que tivo unha cativa difusión, plasmando nela sensibilidade, emoción e un ponderado cariño pola paisaxe miñota que rodeou a súa mocidade.

En poesía continúa a liña cunqueiriana pola combinación da lixeireza do imaxinismo e neopopularismo máis a tradición medieval, que coñecía dabondo como demostrou nas investigacións realizadas para a *Escolma da poesía medieval* (1975) e a *Escolma de poesía galega II: a poesía dos séculos XIV a XIX* (1959). Escribiu varios poemarios en lingua galega, de entre os cales destaca *Poemas de ti e de min* (1949), escrito en colaboración co seu irmán Emilio e publicado na colección “Benito Soto” de Pontevedra, do que se ofrece unha pequena mostra:



Arela

*Na noite sen paxariños
saíu a cabuxa lúa
a choutar pol-os camiños
tola e núa.*

*Corazón da noite, alento
que ten angurias i-arelas;
os cornos trucando ao vento
i-atrás un rabo de estrelas.*

*Vai pol-o ceo infinito
a cabuxa do luar
percura do inconquerido,
coma a barca pol-o mar.*

Roseira do teu mencer (1950), está dedicado á filla primeira, Colorín, daquela con dous anos e que falecería prematuramente en plena xuventude por unha grave enfermidade; segue, ao igual que o anterior poemario, as liñas das vangardas galegas:

*Vinde todos ollar á miña nena:
vai co escriño de millo pr-ás galiñas,
i-as condanadas, véndoa tan pequena,
encírranna con bulras e rapiñas.*

*O galo mandarín chégalle ao peito
-ollos de vidro, crista de sandía
e na fachenda do pescozo ergueito
cruces e bandas de outa fidalguía-.*

*A galiña pedrés que nunca pon
é a que mais cacarexa; o malandrín
do pito novo fais o valentón*

e todos andan atrás meu "Colorín"...
*Ela non pode mais e berra: ¡Non!,
tira co escriño e ven chorando a min.*



O Cancioneiro de Monfero (século XIII) (1953), inscrito plenamente no trobadorismo, constituíu no seu día todo un paródico xogo literario por terse presentado coma unha transcripción de textos medievais auténticos.

*-Ai, madre, o por quen eu choro
leixoumi namorada, e foise en Toro
dizen acá na terra
que por entrar en guerra.*

*Ai, madre, o que me tiiña namorada
leixoumi triste, e foi na cabalgada,
dizen acá na terra
que por entrar en guerra.*

*-Pois, filla, non te pes que te leixara
ca, se te muyto amar, cedo tornara.
-Dizen acá na terra
que por entrar en guerra.*

*-Pois, filla, non te pes que te leixase
ca, se te muyto amar, cedo tornase.
-Dizen acá na terra
que por entrar en guerra.*

*¡Ai, madre, nen sabrey viver un día
sen meu amigo, que mui ben quería!*



Canle segredo, escrito na década dos cincuenta, participou no Premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires en 1954, pero non fai até 1976 cando se publicou. De xerme intimista, emprega preferentemente o ton coloquial e o verso branco para abordar as realidades cotiás ou evocar con nostalxia os días da nenez.

O cabalo

*Un cabalo non é isa probe besta
que vós coidades, os que nunca, ¡tristes!,
tiveches un cabalo por amigo.
Un cabalo é a ledicia
que Deus puxo no mundo para os homes.*

*Un cabalo -jaquil noso vello Cuco
que enterramos ao pé dun laranxeiro!-
é iso que vos eu digo, apertado e tremante,
iso que un día morre, e van os nenos
cun farol pola noite a ollar a cova
onde o sepultarán coa mañanciña...*

*Daquela comprendedes,
diante o burato mouro coma a noite,
qué cousa leda e fonda, sin fronteiras,
qué oco sin termo para as vosas bágoas*

*era o cabalo amigo, que levaba
por camiños de sol, outos e quentes,
o voso tolo degoirar de nenos.*

*Eu ben podo decirvos
qué cousa sin palabras é un cabalo,
eu, que axudéi a sepultar ao Cuco,
je aínda a terra me cai riba da ialma!*

Outras facetas interesantes veñen sendo a satírica, na que asinaba como Pepe do Rollo; algúns destes textos foron publicados na *Escolma de epigramas* (1968). Ou a de autor teatral, na compañía do seu irmán Emilio: *El zapato de cristal. Cuento escenificado* e *Los pazos altivos. Comedia en tres actos, en verso*, ambas de 1947. Incansábel investigador, estudou poetas das literaturas galega, portuguesa e española, tales como Amado Carballo, Pastor Díaz, Gil Vicente ou Aurelio Aguirre, así como obras da literatura popular. Colaborador en diversos medios (BBC de Londres, Radio Vigo e distintos xornais galegos, portugueses e americanos), pronunciou tamén conferencias por España adiante e o estranxeiro.

A pegada de Xosé M^a Álvarez Blázquez, tanto no aspecto literario como no profesional, perpetúase arestora en dous dos seus fillos (dun total de seis), ambos profesores e asemade escritores: Xosé M^a e Alfonso Álvarez Cáccamo.



Barrio vigués de Berbés, de esquerda a dereita: Xerardo Álvarez Gallego, Emilio, Darío, Xosé María Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Néstor Luján, Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro.



Galiza ante a reforma do sistema de financiamento



Aleixo Vilas Castro, Ribadumia, 1980. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela.

Pretendeuse declarar eterno o actual sistema de financiamento, en vigor dende o ano 2002, mais os feitos son incuestionábeis e as limitacións do mesmo máis que evidentes, polo que estamos xa inmersos na súa revisión. Entre os graves defectos que este presenta, podemos distinguir dous planos:

Insuficiencia financeira xeralizada. O sistema vixente amosa ás claras a incapacidade para garantir a adecuada cobertura dos servizos prestados polas comunidades autónomas. O mal cálculo do custo efectivo das necesidades de gasto, os escasos mecanismos de suficiencia dinámica do sistema e o incremento da demanda dos servizos que prestan as autonomías son as principais causas. Así, o novo modelo deberá deseñar un marco no que se estableza un maior peso financeiro das administracións autonómicas sobre o conxunto do Estado.

Na actualidade podemos constatar que, atendendo á porcentaxe de gasto da Administración central, esta ten un peso excesivo. Existen ministerios que non teñen outra razón de ser que a de interferir nas políticas autonómicas e tentar solapar as súas competencias. Cultura, Vivenda ou Educación son exemplos disto. Ademais, a demanda dos servizos que prestan as CCAA, tales como sanidade a educación ou os servizos sociais, experimentaron un forte incremento, mentres que tarefas que realiza a Administración central, como a defensa ou a representación exterior, non teñen aumentado a súa demanda. Ata para o pensamento españolista é difícil contrarrestar esta obviedade, polo que, cando se fala da maior cantidade de recursos que necesitarían as CCAA, o seu contraataque consiste en facer referencia á insuficiencia de recursos que se produce no eido local.

No caso de Galiza, esta insuficiencia incluso se acrecenta, posto que se noutras CCAA se produce por factores conxunturais (o sistema non contempla os incrementos de poboación, prexudicando



notabelmente as comunidades que experimentaron fortes crecementos nos últimos anos), en Galiza débese a causas estruturais, xa que non se recollen adecuadamente os factores específicos do país que incrementan o custo na prestación dos servizos.

Escasa responsabilidade e autonomía fiscal. O actual sistema dotaba as CCAA, nomeadamente a comunidades que como no caso de Galiza aspiran a avanzar na súa soberanía, dunha moi escasa corresponsabilidade fiscal, que incide directamente no poder e capacidade fiscal propia, indispensábel para exercer o autogoberno. O sistema actual cede unhas porcentaxes insuficientes ás CCAA, polo que todas as CCAA de réxime común a excepción de dúas (Comunidade de Madrid e Illas Baleares) teñen que acudir ao fondo de suficiencia para completar o seu financiamento. Ademais, a capacidade normativa das CCAA sobre os principais tributos é ben escasa, por non dicir ridícula.

Os principais eixes da vindeira reforma do sistema de financiamento

Das cuestións que se están a suscitar no debate previo ao proceso negociador, destaca a pretensión de vincular a reforma aos resultados das balanzas fiscais, e unha falsa dialéctica entre comunidades ricas e comunidades pobres. Eu coido que se debe mudar o enfoque, poñendo sobre a mesa de negociación unha dialéctica li-



gada ao avance na suficiencia, autonomía e responsabilidade fiscal, e polo tanto, á soberanía fiscal. Xa que logo, no noso caso, unha dialéctica entre Galiza e a Administración central.

Existen dous aspectos centrais no proceso de negociación. Dunha banda, o cálculo do custo efectivo das necesidades de gasto das CCAA. Neste sentido, en Galiza non existen grandes discrepancias ao respecto, posto que, con matices, as diferentes forzas políticas coinciden no maior peso que debe ter, á hora de calcular o custo da prestación dos servizos, variábeis como a dispersión xeográfica, a poboación envellecida, a atención aos residentes ausentes, ou as características orográficas como os quilómetros de costa.

Coido que, neste aspecto, lograr un incremento na variábel da dispersión resultará, en termos cuantitativos, especialmente beneficioso para Galiza, e axudará a corrixir un déficit estrutural histórico. O actual peso desta variábel (1,2% para as competencias comúns e nin tan sequera está contemplado no financiamento sanitario) dista moito de compensar os maiores custos nos que incorremos derivados do noso asentamento sobre o territorio. Non en van, o noso país conta con arredor do 50% dos núcleos de poboación do Estado.

Doutra banda, forma parte central da discusión a maneira en que estas necesidades de gasto se financian. Trátase dun plano de forte contido político-ideolóxico, é o que ten que ver co incremento da autonomía e a soberanía fiscal, co dereito das nacións a xestionar os seus propios recursos e polo tanto, responsabilizarse non só dos seus gastos, senón tamén dos ingresos. De fondo, atópase a estrutura territorial do Estado e o incremento da soberanía nacional de Galiza. Polo tanto, non é de estrañar tanta intoxicación e demagogia por parte do discurso centralista, onde as nacións que queremos avanzar na nosa soberanía fiscal ou ben somos insolidarias ou ben somos irresponsábeis, pois seica non vamos a ningures sen o apoio de "papá Estado". Falsa dialéctica, pois en todo caso o avance na soberanía non está rifado co establecemento de mecanismos de redistribución territorial.

Se o Estado español é relativamente descentralizado no que ao gasto se refire, non sucede o mesmo nos ingresos, xa que a Administración do Estado centraliza a maior parte da recadación tributaria, para logo devolvernos parte da recadación vía fondo de suficiencia, creando así a falsa imaxe de Estado solidario cunha Galiza incapaz de se financiar por si mesma. Como é obvio, as liquidacións dos últimos anos do sistema de financiamento amosan que os tributos recadados en Galiza son máis que suficientes para sufragar o que a Xunta de Galiza re-





cibe a través do actual sistema de financiamento, polo que incluso é de sentido común que o recadado no país aquí se quede para financiar as nosas necesidades de gasto -en troques de que vaian e volvan disfrazados de solidariedade estatal- e lle cedamos o sobrante á Administración central para o financiamento das súas funcións e competencias.

O que se xoga Galiza

Porén, a vindeira reforma non achegará cambios cualitativos no sistema, senón que se producirán axustes puntuais sobre o modelo actual. Polo tanto, incrementaranse as porcentaxes de cesión sobre os tributos estatais, mais o Goberno central intentará xeneralizar as porcentaxes da cesta de tributos recollida no Estatut catalán. Ao meu ver, neste contexto, os obxectivos que debe acadar Galiza son os seguintes:

Primeiramente, Galiza debe consensuar unha proposta propia, de país, e negociala mediante un diálogo bilateral co Estado. Considero que a dita proposta debe fixar as súas propias porcentaxes de cesión sobre o IRPF, o IVE e os impostos especiais, de xeito que se garanta a cobertura completa das necesidades de financiamento da Comunidade Autónoma de Galiza con recursos propios. Así, pasaríamos da actual igualdade entre CCAA no punto de partida -as mesmas porcentaxes para todos-, á igualdade no punto de chegada -o mesmo grao de

suficiencia financeira-. Máis non é ese o único reto ao que deberemos enfrontarnos. Cómpre acadar maiores competencias fiscais, ter capacidade normativa para modificar e crear tributos e dotármonos de instrumentos fiscais e capacidade para xerar recursos. Por último, faise vital impulsar a creación da Axencia Tributaria Galega. Deste xeito, poderemos deseñar política fiscal digna de tal nome. Estes son os pasos indispensábeis que deberemos dar para avanzar na nosa soberanía.





“Son os representantes galegos os que deben pedir as competencias e facer o traballo, sen ter que depender de Madrid”



Ana Abad de Larriva
Periodista-Colaboradora

O vento da emigración ciscounos coma faíscas. Charetas que bulen altas cara ao alén, na procura dun mañá. Os homes láianse. Atrás queda a terra, a matria, arredada coma un unha miraxe refulgente. Iste vaise e aquel vaise e todos, todos se van. Puntos espallados polo globo. E pasa o tempo. Unha vida fóra. Construindo un hoxe. Retorno. O pasado mañá de volta á casa. E o ollar segue a quedar atrás. Unha pregunta nos beizos a medio formular: falta algo? Deberá Galiza enviar o cobrador do frac dunha vez por todas para saldar esas débedas que acumula na súa listaxe de morosos? Poden ter os fillos do éxodo a matria e o porvir que algúns atoparon fóra? Teñen dereito os galegos a esixir o que para si acadaron outros pobos ou é pedir demasiado?

Tras case medio século en Suíza, o acento galego segue a coarse silandeiamente, enchou-pándolle cada palabra. Aínda que ás veces se pase ao español ou se lle escape algún termo en francés. Ten carácter e quéixase de que o teléfono non retransmita os finais das miñas frases. *Parece coma se falases dende moi lonxe*. Estamos lonxe e o aparello non entende das proximidades psico-emotivas que unen Galiza con Suíza, un importante punto nese mapa de asubíos que os galegos foron deseñando durante o século que vimos de deixar. Pero “habelas hainas” e moitos emigrantes galegos retornados de Suíza quéixanse das facilidades que deixaron atrás. Loly Bolay-Cruz, política galega presidenta do Parlamento do Estado e República do Cantón de Xenebra polo Partido Socialista, a pesar de recoñecer a súa ignorancia acerca do sistema político e económico de Galiza, analiza aqueles nexos en potencia que poderían (ou non) levar o país cara a un modelo semellante aos dos cantóns helvéticos. Pero, resolverían en todos os aspectos as carencias e necesidades de Galiza?

P- Segundo datos oficiais consultados relativos ao ano 2006, Galiza perde catro mil millóns de euros dos seus impostos a mans do Estado. Considera que debería ter unha axencia tributaria propia?

R- Eu non coñezo para nada o sistema de aí, entón eu a iso non lle podo responder. Agora ben, se me pregunta se o sistema de aquí é válido... Nós temos os impostos cantonais, competencia do cantón, e o imposto federal directo. O problema que ten é que non hai unha harmonía cantonal; cada cantón pode ter o seu tipo de imposición e por iso acontecen aquí cousas como, por exemplo, artistas, xente coñecida con moitos cartos, que están en cantóns nos que case non pagan impostos.



Loly Bolay-Cruz

É malo porque xorden fenómenos como o turismo fiscal. Aquí dun municipio a outro varían as taxas e os ricos pagan menos impostos que os pobres. Habería que facer unha harmonización fiscal e acabar cos “regalitos” que se están a facer á extrema dereita e aos chamados paraísos fiscais, que hai moitos repartidos por Suíza (*o ton da súa voz ascende cando se refire á dereita*).

-Claro, pero aquí o sistema común de finanzas orixina esas perdas de diñeiro das que falamos por parte de Galiza...

-Pero aí había que cambiar a lei, non sei se é na Constitución ou un proxecto de lei, e naturalmente que os representantes que tedes en Galiza no Goberno central de Madrid ou no Senado tiñan que solucionar ese problema, iso non o podedes solucionar vós. É que aquí iso non pasa.

-E en relación coa industria, acontece en Suíza algo parecido ás empresas que contaminan Galiza pero pagan os seus impostos en Madrid?



Jet d'Eau (Xenebra).

-Aquí, ademais dos impostos que as empresas teñen que pagar, tamén hai unhas taxas que cotizan onde estean localizadas, onde está a súa sede. Estas últimas son relativas, comunais, que pagan por cada empregado que teñen ao fisco onde están, que van directamente ao municipio pero non é igual en todos os cantóns e a dereita quere abolila porque din que prexudica as empresas, aínda que é unha taxa módica.

-Como os saltos de auga que até hai poucos anos nunca cotizaron aos concellos galegos e ían cotizar, por exemplo, a Fenosa en Madrid, non?

- Iso non é normal, porque teñen que pagar alí onde están instalados, e se o municipio tamén ten as súas consecuencias negativas, dunha maneira ou outra, ten que cobrar, como se fai aquí, que o Goberno central de Berna non cobra nada diso.

-Ao igual que acontece nos cantóns suízos, debería en Galiza adaptar a Administración centralizando as actuacións nunha Xunta que tivese as competencias transferidas en asuntos relacionados coa industria, a pesca, o medio ambiente e a seguridade, desbotando administracións paralelas como son as deputacións?

-Refírese a unha maior independencia por parte do Goberno de Galiza? Eu non sei como pasa aí pero aquí os cantóns teñen competencia en moitos dominios e, evidentemente, depende de cambiar a lei, darlle moita máis competencia ás re-

xións como Galiza, como tiveron os cataláns. Pero tamén niso son os gobernos os que teñen que pedir as competencias, naturalmente que si, porque son eles os que teñen que facer o traballo e non teñen que depender de Madrid. Aquí, se esperamos que Berna nos dea a súa visión, non pode ser.

-Nos cantóns suízos teñen a posibilidade de consumir medios de comunicación nas linguas dos outros cantóns, porén en Galiza os medios de comunicación son só estatais e nas grandes cidades do sur non hai a posibilidade de consumir, por exemplo, os medios de comunicación lusos; considera que se lle debería dar a un pobo a posibilidade de optar por consumir outras culturas en vez de fomentar un centralismo que negue a diversidade cultural?

-Si, aquí temos un sistema que nos permite ter unha grande cantidade de televisión; como mínimo, nas tres linguas dos tres idiomas oficiais dos cantóns. Esa diversidade lingüística é necesaria.

- Entón polo que está dicindo, coñecer a lingua, a cultura e a historia dun país é fundamental na formación dos cidadáns de calquera país orgulloso da súa identidade. Na Galiza non sempre se cumpre esta obriga e a lexislación recolle o dereito e o deber de coñecer o español mais só o dereito de coñecer o galego. Pode ter futuro unha lingua nesa situación diglósica, de desigualdade que permite a posibilidade de que o seu pobo poida descoñecerla?

-Eu creo que se loitou bastante polo galego, para que se considerase un idioma; a ver, que é un idioma que hai que promover e que ten que estar ao mesmo nivel que o castelán. Naturalmente que en primeiro lugar somos españois todos, pero o galego está considerado un idioma dende que morreu Franco, ao mesmo nivel que o catalán, o vasco e o castelán.

-O que pasa é que non están ao mesmo nivel baixo a Constitución española e hai certos movementos que non queren que o galego acade esa igualdade co español...

-E como están facendo os cataláns? Porque alí están poñendo o catalán en todo; o problema é que tampouco se pode caer nos excesos que teñen os cataláns, que aos españois non nos están mirando moi ben, porque vas a Cataluña e se non lles falas en catalán e lles falas en español xa ninguén che responde. En primeiro lugar somos españois, aínda que naturalmente tamén somos galegos. Non hai que favorecer un idioma con respecto ao outro, senón que teñen que estar os dous ao mesmo nivel.



Traballadores da construción (Xenebra).

-Pero, por exemplo en Xenebra, non fai falta coñecer o alemán ou o italiano...

-Non, non, aínda que é mellor sabelos non é para nada unha obriga.

-Entenderíase que Berna, sendo a capital do país podería influír impondo o alemán; no entanto, non é ese o caso. Non hai ningunha que estea por riba da outra. Son entón as linguas do cantón as que prevalecen, non?

-Non inflúe para nada.

-Son lingüísticamente independentes os cantóns, logo?

-Si, si. *(As súas respostas empezan a semellar algo contraditorias e á entrevistada comeza a facérselle o tempo moi longo)*

-Aínda lle queda unha longa carreira política en Suíza pero, cando se retire, pensa volver a Galiza?

-Non, non. Teño o meu home, a miña vida en Suíza e xa levo corenta anos fóra de Galiza. Pasar de vez en cando uns días de vacacións, si; pero vivir, definitivamente non.

-Non ten esa decisión nada que ver con cuestións sociais, económicas, políticas?

-É unha cuestión familiar, unha cuestión de ambiente, que eu vivín toda a miña vida aquí e volver definitivamente para Galiza éme imposíbel. Aínda que me guste moito ir no verán.

-No cantón de Xenebra os inmigrantes esixiron insistentemente o dereito a voto e o ano pasado conseguírono, aínda que non poden ser elixidos. Que lle parece o feito de que Galiza, que conta cunha forte emigración, permita votar a xente que nunca pisou o concello e que, pola contra, inmigrantes que levan anos traballando aquí e vivindo legalmente, non poidan facelo?

- Eu considero que a xente que non vive no concello non debería votar. Eu, por exemplo, non voto nas municipais de Ponteceso porque non sei o que pasa alí, eu voto a nivel xeral, nas lexislativas, pero é que nas municipais se vives fóra non coñeces o alcalde nin sabes o que é mellor. E tamén creo que os estranxeiros tiñan que ter dereito a voto despois, claro, de levar un tempo vivindo no concello, como aquí que son oito anos.

- Que opina da forma de voto dos emigrantes galegos?

-O problema de que voten mortos e de cousas delituosas vén do voto por correspondencia. Debería estar vixiado. Aquí tamén temos o voto por correspondencia para os emigrantes suízos. E tampouco hai obriga de presentar o carné de identidade en Correos. Dentro do sobre só aparece a data de nacemento, a persoa ten que asinar e envialo así. Tamén hai a posibilidade de ir votar ás urnas pero é unha minoría. Nestas últimas eleccións municipais unha persoa, un candidato populista, até chegou ao tribunal porque colleu sobres de persoas e votou el mesmo. En Suíza temos un sistema de democracia directa, no que se vota por todo, polo que hai tres ou catro votacións ao ano e, en todas, vótase por correspondencia. Aínda que os emigrantes suízos non votan no nivel comunal (municipal), só no cantonal e no federal.



Por que dicimos España se queremos dicir Galicia?



Bieito Alonso, profesor de historia no IES de Tui, autor de varios libros e coordinador da colección de Historia do xornal, *A Nosa Terra*.

Por unha vez – sempre hai unha primeira vez na vida – e sen pretensión de continuidade síntome participe dalgunha opinión emitida por Arturo Pérez Reverte. O altisonante comisario da magna exposición que tan xenerosamente ten financiado a Comunidade de Madrid (*1808-1812. Un pueblo, una nación*) a fin de reactivar unha das pezas basilares da identidade española, advertía non hai moito que “*el 2 de mayo no fue resultado de tramas secretas ni conspiraciones patrióticas*”.¹ E se o di Pérez Reverte haberá que lle facer caso porque non é home que adoite andar con dúbidas ou matices cando de glorificar a españolidade se trata. Pero, por que o pai literario do Alatraste amosa tamaña dose de falta de fe? Non teman porque, en realidade, a ninguén


se lle pode ocorrer que Reverte renegue da dimensión patriótica da – enfaticamente – denominada Guerra da Independencia (de quen?), nin da súa utilización como mito identitario fundacional. O que lle proe é que haxa “incivilizados” que retornen ao discurso da épica franquista e que se enzoufen nun monarquismo destinxido que acabe por luxar aquela eclosión liberal xestada entre tantos balbordes. Porén, no mito nin tocar. Se acaso depuralo, límpalo de extravagancias, ornalo con canto pobo sexa posíbel, porque o que se leva no españolismo “liberal” é esa fasquía popular e correctísima que ata se recoñece naquela tropa de “putas y manolas”. E, sobre todo, levalo ao rego da súa verdadeira substancia ideolóxica: o nacemento da nación española (madría leva!).

Avisados da fragilidade conceptual daquelas sublevacións de medio pelo, Reverte – e os seus mentores – dá en fornecernos coa esencia da cuestión: o que importa é o proceso. Queden co dous de maio, vén dicir o novelista, pero que ninguén soñe con arrebatarnos o que veu des-



Retirada das tropas francesas

¹ “Una intifada de navaja y macetazo”, *El País*, 20/04/2008



pois: Cádiz, a liberdade, o pobo (que pobo?), a nación (que nación?), a *Pepa*, o futuro, o mito feito carne e o demo que os fundou. E acabouse. Todo o resto, é substanciar ese debate de pouca importancia sobre o papel dos afrancesados (aí, as contradicións!), avergoñar aos que encerellan coa (hipotética) querenza da raíña por Godoy, e outras cantas miserias intelectuais. España, señores, acaba nesa e o refaixo histórico non dá para outra.

Que Reverte non se importe polas excepcións non é novidade pero como explicarmos que, nós, a estas alturas aínda gardamos na memoria colectiva un lugar de honra para o mariscal Ney e que lle demos cumprido agasallo na onomástica canina. Ou que reservemos un alcume ben prezado para os *gabachos* e que mesmo esculpimos en pedra a xesta dos que batallaron con canóns de pau. Que nos toca dicir daquilo? Ou para sermos máis correctos, e da periferia, *quoi?*




Por estes lares, o asunto da francesada ten dado pouco de si e case todos os que se achegan a ela baten aínda na obra do padre Legísima como fundamento inescusábel do seu discurso. Á falta dalgún congreso que, neste verán, seica nos vai axudar a mellor comprender a xénese do liberalismo galego e, supoño eu, da guerra contra o francés, non ten habido grandes achegas “autóctonas”. Por iso han ser ben recibidas todas as novidades a propósito do tema. E unha delas vén da man dunha nova editorial galega, Edicións Lóstrego, que este mesmo ano acaba de editar un pequeno volume da autoría de Juan M. Osuna que leva un título ambivalente, *A Guerra de Independencia en Galicia*.² E digo isto porque, obviamente, o autor non cuestiona nin a pertinencia do vocábulo nin a tradicional interpretación españolizante daquel conflito. Supoño que, dende a perspectiva dun coronel do exército, tampouco é moi esixíbel. Porén, o coronel Osuna, por entre medias dunha descrición exhaustiva dos acontecementos militares (que mingua o resultado final porque introduce un alto grao de dispersión no relato) suxire algunhas reflexións dignas de atención e que parecen contradicir aquela “firme” determinación dos nosos devanceiros na defensa do trono e mais do altar. Unha das que sorprende é que non dubide en outorgarlle un aquel de especificidade á rebelión que se desenvolve no territorio galego ata o punto de outorgarlle o cualificativo de “alzamento galego”. O certo é que o autor, polo medio de batallas, encontros e batidas, salienta a importancia de que a resistencia se dera estruturado, dende unha perspectiva territorial ben concreta, bebedora do modelo xurídico -institucional que representaba o Reino de Galiza – aínda útil malia todo – e que o deseño das propias operacións militares sempre foi a rentes das moi particulares características espaciais e sociais da terra nas que se produciron.

Con todo, o que a min me parece máis suxestivo é a súa análise (pouco desenvolvida, iso é certo) das causas profundas e dos obxectivos finais que estiveron por tras da enorme mobilización popular que se deu no ano 1809. Contra a tendencia establecida e canónica, e que tan ben explícita Reverte, de que houbo un alzamento da “nación”, Osuna fálanos dun pobo, o galego, descrido das obrigas relixiosas e farto das constricións militares e dos impostos abusivos. De xente que se organiza ao paso

das tropas, farta de asaltos, extorsións e requisas, e que decide asumir o protagonismo da súa propia defensa ante o baleiro absoluto de poder que o rodea.³ Hai cregos, sen dúbida, fidalgos, tamén, pero pobo, moito pobo que expón o que ten (a vida) sen reparar nas virtudes esotéricas da *liberté, égalité e fraternité* impostas a golpe de canón nin na ansia por un rei (ou dous?) amortecino e vingativo. Fálanos, tamén, dun vínculo, novo e efectivo, que serviu para xuntar aos que padeceron, un tal sentimento que poderíamos definir como identidade á forza, e que foi forxando identidades locais e/ou comarcais (repárese no caso de Vigo) e tecendo redes de solidariedade, das que as alarmas poderían ser unha acaída expresión.

A obra de Osuna é digna de ser lida con atención, aínda que só fose porque quere ensinar que “os verdadeiros heroes foron os paisanos e soldados galegos que souberon oporse á inxustiza dunha invasión”. E porque, *malgré tout*, sementa na eira dunha visión desprexuzada e autónoma daqueles asuntos nos que, din algúns, só nos queda sumar mortos e caídos a obras superiores nas que Galiza non é máis que apéndice. Descartada, por absurda, a idea de que Reverte e os dragóns españolistas reparen no matiz, non sería mala cousa que dende aquí agromase unha maior preocupación por sabermos a razón pola que centos, cando non miles, de homes e mulleres do país pagaron coas súas vidas e facendas (vexan as batallas do Freixo, en Crecente, da Limia, de Ponte Sampaio, de Ponte Ledesma, de Ribadavia, e tantas máis) a vontade por defender o seu.



² Juan M. Osuna, *A Guerra de Independencia en Galicia*, Eds. Lóstrego, Santiago de Compostela, 2008, 151 p.

³ A apuntada masiva presenza de mariñeiros galegos en Trafalgar é ben sintomática do papel subsidiario e periférico que ocupa Galiza na estrutura da Coroa a finais do século XVIII e principios do XIX. Polo demais é un bo aviso para o propio Reverte, recuperador, para a España recalciante, da mitoloxía heroica daquela batalla de que non é moi elegante fachendear de valores virtuais a conta dos mortos que puxeron outros.



Os inicios do nacionalismo galego: Provincialismo e rexionalismo



Anselmo López Carreira (Vigo, 1951) é doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático de secundaria no IES María Soliño de Cangas do Morrazo. Autor de libros e artigos sobre a Idade Media galega.

No inicio mesmo da rexencia de María Cristina (1833) realizouse a reforma que extinguía os tradicionais reinos integrantes da monarquía hispana e substituíanse por *provincias* directamente dirixidas desde Madrid, sen outra mediación administrativa. Era a primeira medida do novo Estado liberal, aplicando un modelo centralizado, na procura de presentar España como un Estado-nación, para o que era preciso uniformar o máis posíbel as diferentes realidades nacionais que o integraban, baixo un esquema cultural e histórico castelanizante. O proceso irase acentuando a partir de entón, cunha notábel intensificación a finais de século, no período da chamada Restauración.

Desa maneira practicamente disolvíase a existencia nacional visíbel de Galiza, ao privala de recoñecemento oficial e fragmentala en catro *provincias* artificiosas, que non respondían a ningún criterio de afinidades humanas ou a unha tradición organizativa previa, nin eclesiástica nin civil. En adiante a autoidentificación colectiva dos galegos repousaba só en factores internos socialmente compartidos, pero carentes de explícito recoñecemento político.

Por iso a referida reforma provocou a inmediata reacción dos sectores máis ilustrados e conscientes da nosa sociedade, clases medias en xeral, e en particular intelectuais e universitarios, por seren eles os que se atopaban en condicións (materiais e culturais) de asumiren o papel de depositarios dunha conciencia colectiva. Nace así o denominado «provincialismo», primeira fase do nacionalismo galego. Os *provincialistas* (aínda que o termo se preste a equívocos) opúñanse precisamente á fragmentación de Galiza en provincias sen articulación

entre elas, mais non coa alternativa de que se restabelecese o vello reino de Galiza, senón coa de que toda Galiza fose considerada unha única provincia, para desta maneira serlle recoñecida a súa identidade e pular o seu desenvolvemento en canto entidade compacta.

En efecto, os *provincialistas* eran receptores das máis avanzadas correntes que por esas datas se estendían por Europa, e a súa ideoloxía liberal progresista leváboas a rexeitar o reino, algo propio do Antigo Réxime, afastado do espírito dos novos tempos. Por tal motivo, en vez de





Eduardo Pondal



reivindicar a volta ao pasado, recoñecían a identidade do país e preocupábanse polo seu desenvolvemento económico, percibindo xa daquela a situación de subalternidade en que se atopaba.

En concordancia co predominio intelectual no seo do *provincialismo*, o seu centro principal radicaba en Santiago de Compostela, no ámbito universitario. O escritor Antolín Faraldo era o seu dirixente recoñecido.

O movemento entregouse nun activo labor cultural e de propaganda, sobre todo xornalístico. Entre os membros destacados podemos citar xente que acadou un posto destacado na cultura galega, no labor de recuperación nacional de Galiza, como foron Añón, Neira de Mosquera ou os propios Brañas, Vicetto e Murguía.

Fronte á deriva cada vez máis conservadora pola que evolucionaba o reinado de Isabel II (1843-1868) xa desde os primeiros anos (gobierno de Narváez), os *provincialistas* confluíron axiña coa corrente estritamente progresista de ámbito español, moi enraizada entre boa parte da moza oficialidade militar, encabezada por Miguel Solís, comandante da praza de Lugo.

Ambos os sectores desencadearon unha revolución en abril de 1846, caracterizada pola dobre adscripción política dos participantes: provincialista e progresista. O levantamento, protagonizado polos militares, triúnfala inicialmente, establecéndose unha Xunta Superior de Goberno de Galiza, da que Faraldo foi secretario, facendo público o seu ideario nun manifesto, redactado por el mesmo, no que se expresa a intención de que Galiza deixase de ser "unha colonia da Corte".

O Goberno envía axiña tropas desde fóra de Galiza e a revolución provincialista fica liquidada ese mesmo mes, tras unha primeira derrota nas aforas de Santiago, en Cacheiras, e outra inmediata na propia cidade, a onde se retirara Solís, que cae preso xunto cos seus oficiais. De camiño á Coruña, onde se supón que ían ser xulgados, o día 26 son sometidos a proceso sumarísimo en Carral e fusilados Solís e once compañeiros seus. Os galeguistas erguerán logo alí (en 1904) un monumento *Aos Mártires da Liberdade*.



O fracaso da vía insurreccional precipitou a decadencia do *provincialismo*, véndose forzados ao exilio os seus integrantes máis recoñecidos, entre eles o propio Faraldo. Mais non foi inútil, pois constituíu o viveiro dunha nova etapa na recuperación nacional de Galiza.

Dez anos despois, en 1856, un grupo de estudantes e traballadores reuníase no Banquete de Conxo, nun acto de fraternidade no que se puñan de relevo os máis graves problemas do país. Moitos deles formáranse no ideario *provincialista*, pero agora iniciaban unha nova andaina.

Na segunda metade do s. XIX ponse en marcha o movemento coñecido como «rexionalismo», que se consolida nas últimas décadas do século, recollendo a bandeira da reivindicación dos dereitos nacionais de Galiza. En esencia, o programa *rexionalista* reclama o recoñecemento da especificidade da “rexión” galega dentro do Estado español, do cal se deducía a correspondente necesidade dunha descentralización política. A denominación de *rexión* (que se simultaneaba coa de *nacionalidade*) non contradí, senón que reafirma, o carácter nacional de Galiza, debéndose aos *rexionalistas* precisamente a formulación teórica dos factores que permiten catalogar Galiza como nación.

O esforzo despregado no terreo cultural foi fundamental para o desenvolvemento do moderno nacionalismo, por canto sacou á luz e revalorizou os elementos constitutivos da nación, sobre todo a lingua e a historia, sen descoidar formas de expresión como a música e a pintura. Tratábase, en conxunto, de poñer de manifesto e dignificar as peculiaridades colectivas de Galiza, fraguadas nun longo proceso histórico. Non é, por tanto, estraño que á cabeza do *rexionalismo* se sitúen os historiadores Benito Vicetto, Manuel Murguía e Antonio López Ferreiro, que desenvolveron un notabilísimo traballo



Xeneral Solís. Mariscal de Campo.

de investigación e divulgación histórica, destinado a sistematizar obxectivamente a nacionalidade galega. E compréndese asemade a vitalidade do rexurdimento literario, cos tres representantes emblemáticos que foron Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal, capaces de proxectar o idioma até a categoría de lingua literaria despois de centos de anos de escuridade ágrafa.

Cómpre destacar o feito de que o *rexionalismo* galego se situou maioritariamente nunha ideoloxía progresista, como o seu precedente *provincialista*. Foi ademais esa liña a única que tivo continuidade, caracterizando o nacionalismo actual. A derivación máis esquerdista asumiu a solución federalista de Pi i Margall, condenada ao fracaso tras a caída da I República (1874). Houbo tamén, no inicio, unha corrente conservadora, en contacto co tradicionalismo carlista, na que figuraban López Ferreiro e Brañas. O primeiro



Monumento a Curros Enríquez (A Coruña).



é autor dunha moi documentada historia de Galiza, centrada ao redor da Catedral de Santiago (*Historia de la S.A.M. Catedral de Santiago*); o segundo expuxo a teoría do *rexionalismo* na súa obra *El Regionalismo*. No entanto, esta corrente non foi adiante, ao

faltarlle o apoio que debían terlle proporcionado os grupos sociais hexemónicos (Igrexa, fidalguía e alta burguesía), e estes, en Galiza, optaron ostensibelmente por se acolleren ao sucursalismo do Estado.

En contraste coa potente contribución do *rexionalismo* á recuperación cultural do país, a súa faceta política, en cambio, foi tímida e frustrante, debido á febleza dos sectores sociais que o animan, unha clase media (sobre todo intelectual) carente do soporte de que a tería dotado unha revolución industrial potente, caso que aquí non se deu. Non foi quen de acadar o nivel do catalán ou do vasco, aínda que se marcaba obxectivos semellantes. Por iso, cada vez que organizacións políticas rexionalistas (sempre cativas e efémeras) contrastaban a súa capacidade nos procesos electorais, obtiveron resultados decepcionantes, no restritivo e caciqueado contexto político de finais do s. XIX.

As limitacións á democracia impostas polo réxime da Restauración borbónica, e en especial a forte ofensiva españolista subseguinte á crise de 1898, reduciron as oportunidades de intervención política e de afianzamento social do *rexionalismo* galego, que foi perdendo pulo. Unha nova xeración (Vicetto morre en 1878; Rosalía en 1885; Murguía en 1923) tomará o seu relevo desde principios do s. XX, cun programa máis ambicioso e explícito, tanto no aspecto cultural como no político, que adquirirá corpo organizativo coa fundación das Ir-

mandades da Fala en 1916 e, sobre todo, co acontecemento da súa Asemblea de Lugo en 1918.

Comezaba entón a historia do moderno nacionalismo.



Escudo do vello Reino de Galicia.



motivos da emigración



Salvador Soutullo Carolo.

Articlista e escritor. Retornado de Catalunya.

No século XVIII existían recrutadores de emigrantes galegos que percorrían as aldeas animando os galegos a marcharen a América Latina co argumento de que alí poderían comer todos os días. Nos portos de Vigo e A Coruña obrigaban os galegos que decidiran emigrar a erguer sacos con terra para saber canto peso eran quen de transportar e deste xeito saber se eran "aptos" para traballaren de auténticas bestas de carga na América. O que non tiña fortaleza para erguer un mínimo de quilos non podía emigrar.

A primeiros dos anos sesenta un matrimonio que vivía preto de Compostela traballando coma caseiros para un señor que vivía en Madrid decidiron emigrar fóra da Galiza a outra *region* (segundo a terminoloxía do réxime franquista). Deixaron na Galiza unha filla de dous anos e emprenderon o camiño da emigración, primeiro cun carro tirado por dous bois, que serviu de medio de transporte até a parada máis próxima dun coche de liña onde os pasaxeiros incluso viaxaban enriba da baca arriscando a súa vida por unhas estradas que realmente eran auténticas corredoiras. O matrimonio marchaba porque na casa onde servían ao *señor* xa eran demasiados para poder comer todos os días unha ración suficiente. Colleron o tren e chegaron a Monforte de Lemos onde, xa daquela, os vagóns de moitos trens tiñan que mudar de locomotora. Para poder coller o tren *changai*, con asentos de madeira, xente que durmía no chan e tirado por carbón que producía un fume que se metía por todos os recunchos provocando tose e proídos de ollos entre outras moitas cousas, tiveron que esperar toda unha noite sentados no chan da estación de Monforte abrazados e con dúas maletas, unha de



cartón e a outra de madeira. Os dous choraban, un máis por ter que deixar todo o coñecido até daquela e a outra máis pola filla que deixaban atrás. Millóns de galegos tiveron que facer esa viaxe, moitas veces de forma semiclandestina respecto ao resto dos seus veciños e amigos. Esta parella marchou de madrugada sen terlles dito nada aos seus veciños, só á familia máis directa. Dicar que tiñan que emigrar era para eles demostrar un fracaso na Galiza. Cando chegaron ao seu destino decatáronse de que outra parella veciña emigrara dous días despois que eles nas mesmas condicións de semiclandestinidad cara aos seus veciños. Aquilo foi unha ledicia para eles, crearon de forma inmediata un grupo de galegos emigrados, todos de preto de Compostela, e tiñan como nexo de unión fundamentalmente a *morriña*. As cousas ían mudando, había traballo dabondo, certo é que había que dedicarlle moitas horas pero comíase relativamente ben e podíase aforrar algún cartiño. O problema nese momento era a vivenda: o lugar de destino non tiña aínda construídas suficientes vivendas para todos os emigrantes que recibiu neses primeiros anos sesenta. Daquela eles non sabían o que ía suceder no futuro, pero tiveron que pasar corenta anos para retornar a vivir na Galiza; iso si, foron corenta anos nos que puideron comer unha ración digna de alimentos todos os días, eles e os seus fillos (unha vez xa producido o reagrupamento familiar). O obxectivo de poder comer mellor foi conseguido e o prezo que pagar foi saír a vivir durante corenta anos fóra da Galiza. É por iso polo que é tan importante que no futuro sexamos quen de producir nós mesmos os alimentos suficientes para o noso propio pobo; ou dito noutra terminoloxía, que sexamos quen de ter soberanía alimentaria.





encontros no retorno



Lionel Rexes Martínez, *Mestre do Ensino Primario, nado en París.*

lionelrexes@hotmail.com

Hai uns anos tiven a oportunidade de moderar unha mesa redonda encol da emigración, as persoas integrantes do devandito foro eran retornadas de Venezuela, Suíza e Euscadi, representando así os tres grandes polos de atracción da emigración galega ao longo da historia: América do Sur, Europa e países desenvolvidos do propio Estado.

Daquel foro “global” foron abrollando grandes temas nunca resolvidos, sentenzas apoiadas na experiencia real e nomeadamente, queixas do trato recibido por unhas institucións (as nosas) que endexa-mais estiveron á altura do fito histórico que lles tocou xestionar, tanto no pasado coma no presente.

Durante as máis de tres horas polas que se delongou a mesa redonda, déronse a man anécdotas familiares vividas e revividas na meirande parte dos fogares galegos con episodios históricos. Particularmente pareceume positivo que se clarexase de vez,

algo que non sempre aparece nitidamente na intrahistoria social da emigración e as e os parentes que ficaron na Galiza territorial: Moitos dos primeiros electrodomésticos, apeiros de labranza máis ou menos mecanizados ou mesmo leiras –sen esquecer a habilitación hixiénica das casas– foron conquistados grazas ás remesas da emigración. Dunhas persoas emigradas que contrariamente ao que moitas pensan, non só ían arranxar a súa vida, senón a do fogar que deixaron, un fogar que raras veces volveu ser o seu, agás en esporádicas estadías vacacionais.

Chamoume a atención especialmente que se dixera algo que en moitas ocasións tiñamos falado entre membros da segunda xeración: aquilo que o franquismo deu en chamar “*desarrollismo*”, non tivo tanto de milagre económico coma de poboación desafoxada por unha emigración que deixaba sitio e remesaba o complemento preciso para sa-near as economías domésticas.

Foron aparecendo moitas máis temáticas e non de interese menor (comparanza entre a emigración galega e a inmigración actual, a débeda histórica das institucións estatais e nacionais coas persoas emigrantes, o contraste entre a corrección e o civismo aprendidos en Europa cos costumes peninsulares, a obriga de axudar as galegas e galegos da América do Sur sen confundilo con esmolos...) mais levaría moito tempo reflectilo agora.





Máis preto no tempo, no verán de 2007, cumpríronse cen anos da fundación na Habana da sociedade de instrución El Valle de Oro. Perante a pasividade das institucións locais, un fato de retornados e membros da segunda xeración decidimos organizar unhas xornadas de difusión do fenómeno migratorio que asemade lles servisen de homenaxe a aqueles filántropos que inzaron de escolas os concellos de Alfoz e O Valadouro. Ao cabo, a inoperancia das institucións locais serviu para que nos vísemos obrigados a crear un colectivo que dese soporte aos *Encontros no retorno* –así bautizamos o evento– e deste xeito naceu o club de análise Berce das Orixes.

Desta volta tocoume exercer de entrevistador daqueles emigrantes ou fillos de emigrantes (nalgún caso eran compartidas ambas as calidades) que coñeceran latitudes coma Bélxica, Cataluña, Cuba ou Uruguai.

Nese feixe de entrevistas abrollou unha frase que sacudiu as consciencias de todos os asistentes: “O retornado emigra dúas veces, unha cando marcha e outra cando volve”. Quen isto dicía era un mindoniense que vivira a emigración dende os trece anos, momento no que a familia toda deixa o país para comezar unha nova vida no Uruguai. Durante a estada americana, o noso protagonista tamén coñece a Arxentina, onde mora uns anos, estuda Medicina en Montevideo e, sendo xa un home maduro, retorna á Galiza. Hoxe Orlando González é un coñecido médico local, aínda que a máxima sona vén de acadala en maio de 2007, cando é elixido alcalde de Mondoñedo baixo as siglas do BNG.

O mesmo Orlando, ao ser preguntado sobre unha hipotética diferenza de visión ou mentalidade entre os galegos da emigración e o resto, respondeu

amosando exemplos nidos: “No ámbito comarcal da Mariña, tres alcaldes da esquerda están directamente relacionados coa emigración –os de Viveiro, Ribadeo e Mondoñedo– e casualmente todos eles co Uruguai”.

Nesta altura da historia convén lembrar que xa nos comezos do século XX, o agrarismo e a loita anticaciquil na Galiza tiveron uns enormes apoios –económicos, literarios, propagandistas e de axitación– na outra beira do Atlántico, dende onde mesmo se financiou a defensa xurídica do executor dun cacique.

Por outra banda, o escritor valadourés Miguel Vila, compartiu connosco todos os seus coñecementos ao redor de dúas sociedades galegas en Cuba ás cales está intimamente ligado, xa que o seu nacemento tivo lugar no hospital que Hijas de Galicia posuía na Habana, e tanto el como a súa familia foron socios de El Valle de Oro. Foi Miguel tamén, o responsábel de ir debullando descoñecidas relacións entre sobranceiros cubanos e a colectividade galega na illa e desa ignota listaxe foron agromando nomes como Fulgencio Batista, Celia Cruz ou Compay II.

A meirande parte dos entrevistados, ao seren interpelados sobre a conveniencia de fomentar o retorno, amosáronse prudentemente reticentes (aínda que tamén houbo respostas afirmativas), alegando que non desexan para ninguén a ringleira de pexas que atoparon ao volver.

Coido que estas respostas tan pouco entusiastas e mais as súas causas, son motivo suficiente para que dende as institucións e dende nós mesmos, a colectividade retornada, se faga o máximo esforzo en eliminar pexas e virar completamente esta cuestión: débese fomentar o retorno?

Non deixemos que ninguén volva sentirse emigrante no seu propio país.



psicopatoloxía do retorno

Alexandre García Caballero
Ramón Area Carracedo



Marusía, organizou o pasado día 28 de maio na librería Couceiro de Santiago de Compostela. unha charla coloquio a cargo de Alexandre García Caballero e Ramón Area Carracedo, coautores do libro **Psicopatoloxía do Retorno**, co cal obtiveron o premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2006, editado por Galaxia.

Os dous psiquiatras estiveron acompañados por Víctor Freixanes, director de Galaxia e Manuel Domínguez, presidente de Marusía, respostaron a preguntas dos asistentes baseadas nos casos de pacientes seus, vidos de América, do Estado español e de Europa explicando polo miúdo esa dupla vida que temos os emigrantes e o impacto psicolóxico en moitos de nós.

Detrás de cada emigrante hai unha historia, e moitas veces, debe ser analizada por profesionais da psiquiatría para non vanalizar o mundo migrantil. O ser humano ven sendo unha ferramenta máis nos costes de produción de mercadorías, pero detrás de cada traballador/a, hai sentimentos, costumes, cultura, idioma familia...un pasado que non cabe nunha maleta de turista.

O psiquiatra, Alexandre García Caballero, concédenos unha interesante entrevista para a revista Marusía.

No momento no que unha persoa fracasa no seu proxecto de poder vivir con dignidade na Galiza e se propón emigrar para conseguir un traballo dignamente remunerado que tipo de reaccións psicolóxicas experimenta?

Teño que comezar facendo un matiz. Eu non falaría de fracaso nese momento inicial, pois hai que ter en conta as idades nas que se produce a emigración. No modelo narrativo que tomamos para enxergar no libro as historias de vida que nos contaban os nosos pacientes, o sentimento de "fracaso" era forzosamente algo posterior á peripecia migratoria: o feito da volta, cando un fai balanço e as contas non lle saen. Neste mesmo modelo narrativo falabamos de que a xente partía dunha situación de carencia, que na análise clásica dos contos de fadas estaba orixinada pola "mala acción". Esa "mala acción" tiña que ver moitas veces cos mitos familiares. Como un se explica, como unha familia se explica a si mesma unha situación de precariedade económica, sobre todo cando ao seu redor hai xente á que non lle foi tan mal? As explicacións son moitas e dependen de moitos factores. As narracións tradicionais normalmente buscan culpábeis fóra (o que se chama en psicoloxía facer unha "atribución externa"). Eis unha orixe psicolóxica da "envexa", e dos seus engadidos como o "mal de ollo". Sexa como for, a xente nova o que fai é unha aposta persoal para superar esa "mala acción" e restaurar unha orde perturbada por ela, para reverter unha situación

de carencia económica volvendo ricos. Esa é a orixe de todas as migracións económicas, a xente non marcha por ver mundo. As consecuencias sábenas vostedes mellor ca min, ao marchar a unha cultura nova hai un período de adaptación que se ten chamado "choque cultural": primeiro hai que chegar san e salvo ao destino, que non te estafen, atopar un sitio onde vivir, onde comer, un traballo se é que non o levabas de aquí, adaptarse ao idioma, aos costumes, á maneira de traballar, de saudar, de comportarse socialmente, de vestir, mesmo de lavarse ou de ir ao retrete! Todo isto provoca angustia e tristeza secundaria ao illamento e soidade. Moita xente de feito non aguantaba. Cabaleiro Goas, o famoso psiquiatra ourensán, el mesmo fillo dun emigrante en Cuba, recolle no seu clásico tratado do ano 1968, *Síndromes psicopatolóxicas condicionadas pola inmigración e emigración*, máis de 2000 casos de emigrantes con patoloxía mental!! Moitos casos tiñan que ver con eses cadros depresivos e de angustia, pero unha porcentaxe moi alta eran enfermos graves con patoloxía psicótica, por exemplo. A causa destes últimos non era a emigración, pero indubidabelmente esta constituía unha fonte de estrés moi grave que levaba á aparición da patoloxía, en xente predisposta.

Se a xente aguanta, pouco a pouco aparecen as relacións persoais, establécense vínculos, moitas veces con outras persoas emigrantes ben galegas ou ben de países culturalmente afíns. Penso por exemplo nos matrimonios mixtos con persoas italianas ou portuguesas, pero tamén cos propios cidadáns e cidadás dos países adoptivos (matrimonios mixtos con alemáns ou alemás, por exemplo tiñamos algúns na mostra centroeuropea). No libro contabamos un caso dunha señora á que no medio dun soño aparecíalle o seu xefe da fábrica da Alemaña e convidábaa a tomar un café, dicíndolle en ga-



lego: Frau Ruíz... quere tomar un cafeciño? o que era un sinal da aparición do que chamamos "segunda morriña", a morriña "de alá" e dos "de alá"...

Moitas veces a persoa emigrante pensa pasar unha tempada pequena e logo retornar, pero ás veces o tempo alóngase e o retorno non chega...

Álvarez Silvar, nun libro que me gustou moito que se chama *De volta ao lar* e que conta cun material de entrevistas ben bonito, falaba dun xeito clásico dun "retorno planificado". A xente marchaba moitas veces cun plan económico moi concreto: gañar para botarlle a prancha á casa, ou para facer unha cociña nova, para comprar un piso... pero despois adáptase e facer un cambio resulta difícil. Esa incerteza da partida reproducese, moitas veces nas familias hai opinións encontradas (a muller quere quedar e o marido volver ou ao revés), e o tempo vai pasando.

A reunificación ou a fundación familiar na emigración (fillas, fillos e parellas...)

Un momento tradicional da volta é xusto antes de que as fillas e fillos cheguen á adolescencia onde asumen os pais, de forma bastante certa,

que se as rapazas e rapaces establecen vínculos de parella alá despois non queren volver, ou ben que se prolongan a estada as fillas e fillos xa non se adaptarán aquí: serán xa nacionais de alá. Isto está moi ben recollido nunha novela recente *Entre dos augas* de Rosa Ribas, unha historia de detectives onde a protagonista, inspectora de policía en Frankfurt, é a filla dunha emigrante galega e dun alemán. Como indica o título a protagonista anda tamén "entre dúas augas".

Se o retorno se produce en idade laboral activa e a persoa retornada ten que integrarse no mundo laboral na Galiza... como lle afecta?

Hai varias posibilidades. A máis frecuente no pasado foi que a xente montase un negocio: un bar, unha tenda, un supermercado, unha zapataría, unha ferraxaría... ás veces aproveitando en parte a experiencia profesional acadada na emigración. Na maior parte dos casos que nós vimos, de calquera xeito, o retorno prodúcese en idade próxima á xubilación, o que é outro conto. No caso da descendencia si que hai integración laboral ás veces problemática. Sobre todo nos casos da nosa mostra no que atinxe á xente que vén da América latina con estudos e que aquí non lles recoñecen as carreiras ou ben non atopan traballo no que queren e séntense subempregadas/os. Isto ten que ver claramente cun nivel



Charla na librería Couceiro



de expectativas errado, no que parte do problema foi a propaganda institucional tipo *Desde Galicia para el mundo* onde parece que aquí sobran empregos e temos parques industriais con tecnoloxía punta por todas partes...

E no caso de que se produza o retorno unha vez xubilada a persoa emigrante?

A xubilación é xa en por si unha fonte de estres: hai que atopar outro ritmo, buscar actividades nas que sentirse útil, é moi fácil aburrirse, os plans ás veces están mal deseñados (facer unha casa tipo chalé na periferia da vila pode levarnos a estar moi desconectados/os nun momento no que xa non temos un traballo na cidade ou que nos permita socializarnos). Para as mulleres moitas veces estas

casas son unha regresión dun nivel de vida previo no estranxeiro no que se sentían máis libres, a queixa típica vén pola banda delas: "el pásao ben na aldea, vai ao bar, fedella un pouco na horta ou poda unhas viñas, pero eu que fago todo o día alí enchoupada?". A ansiada "casa" convertida nunha gaio-la...

Moitas veces retorna a parella estando un membro da parella xubilado e o outro sen xubilarse, deixando incluso fillas/os na emigración, e estando viaxando continuamente da emigración a Galiza para non perder o contacto familiar...

Un modelo típico é que ao xubilarse o home e ao ter a muller anos cotizados suficientes, decidan volver deixando as/os fillas/os alá e estando elas pendentes de comezar a cobrar en breve (2-3 anos), mentres pensan estar no paro, pero ás veces as leis non se corresponden co que supoñen e elas perden diñeiro... a xente quéixase desa desinformación. Outro tema é a separación da descendencia. Para os homes a idea é facer cartos para ter unha posición. Esa é a narrativa que lles foi imbuída. Para as mulleres o ideal é a crianza das fillas/os e estar separadas/os é unha mala alternativa. Elas normalmente preferirían quedar alá, pero tampouco

queren "molestar" a unha xente nova que está empezando a vida. Como di o dito "o que casa, casa quere"... e as nais non queren violar esa regra mentres poidan evitalo. Ese sacrificio, no entanto, deixa ás veces pegadas moi amargas, de soidade, de sentimentos de abandono...

Existe unha situación na emigración (basicamente na de dentro do Estado e na europea) que é a das fillas e fillos que emigraran e ao cumpriren máis de cincuenta anos de idade na emigración e os seus pais e nais máis de oitenta na Galiza, as fillas e fillos véñense na obriga de recoller os seus pais e nais, provocando deste xeito unha emigración unha vez xa xubilados. Ás veces incluso con casos como demencias, alzhéimer...

Eu o que vexo nas consultas é o caso inverso: fillos que volven para se facer cargo dos pais demenciados,



ou ben emigrantes que teñen o cónxuxe enfermo e que veñen porque coas prestacións por enfermidade de Europa dálles para vivir mellor aquí que alá. Outro caso é o da xente que vén de América para beneficiarse das pagas e dos tratamentos médicos gratuítos. Temos casos dramáticos, de xente que se arruinou totalmente en América debido a enfermidades e que agora sobrevive malamente aquí...

Nalgunhas ocasións a persoa emigrante non ten claras cales son as causas que realmente o levaron a esa situación (clases dirixentes galegas que fixeron absentismo das súas obrigas co país); e incluso chega a pensar que Galiza non vale, que o país non serve, e quere formar parte do país de acollida renegando de Galiza. Como se chega a este esquema mental e por que?

Ben, caer nisto que vostede formula non é tan doado. De feito, é unha das cuestións finais que presentaba Beiras no seu *Atraso económico de Galicia*, onde propoñía como causa un "esquema mental" que denominaba "autocolonización" e que describía a nosa burguesía como unha clase timorata, dada á especulación e non ao investi-

mento no tecido produtivo do país e dependente das modas e ditados de fóra, o que facía dela unha clase sen raizame, moi distinta do que fora a burguesía catalá para o seu país. Non estou de acordo, no entanto, con que chegar a pensar que o país non serve sexa consecuencia do anterior. Renegar do país para acollerse á cultura considerada "superior" do país adoptivo non é só algo secundario á tan citada hipótese do "auto-odio" senón que é algo habitual en todas as persoas emigrantes do mundo, é o que se chama "choque cultural inverso". Despois de pasar moitos anos fóra, un volve en certa medida alleo á súa cultura. A adaptación exitosa na volta ten que recoller eses aspectos de crítica que moitas veces é unha crítica xusta e que debe servir para modernizar e mellorar o país. Penso en sociedades máis democráticas que a nosa, onde non hai que pedir favores, onde os políticos teñen compromisos coa cidadanía e teñen un respecto pola cousa pública que ás veces se bota de menos. Incluso aos niveis máis baixos, como cando a un lle ofrecen un "enchufe" para unha nimiedade, para saltar unha cola, para unha lista de espera...

Como e con que diferenzas vive a emigración unha persoa consciente do problema migratorio e cunha formación cultural e política doutra que non está formada?



Charla na librería Couceiro



Non é un problema exclusivo das e dos emigrantes. Na consulta vese moita xente nova que vén angustiada ou desmotivada porque nas empresas lles apertan as caravillas facéndolles ademais crer que non valen para nada que, por moito que estudasen, alí poden atopar cen coma eles dando un puntapé, e todo por mil euros. Moitas veces o noso traballo é derivalos aos sindicatos ou recomendarlles lecturas. *A cultura do novo capitalismo* de Richard Sennet é na miña opinión particularmente terapéutico para estes casos. No caso migratorio pasa igual, quero crer que coñecer mellor o mundo no que vivimos nos dá mellores estratexias defensivas. Sobre todo estratexias colectivas, que son as que máis protexen a saúde mental.

Cal é a diferenza entre as persoas emigradas cunha formación profesional e incluso universitaria e as que emigran sen ter un oficio e teñen que traballar de peonaxe?

Ademais do dito na pregunta anterior, como é obvio, a diferenza fundamental é económica... non é o mesmo vivir en Xenebra de profesor universitario que fregando escaleiras. A capacidade de interacción e manipulación do contorno non ten nada que ver, o que leva aparelado un sentimento de axencia e de satisfacción coa propia vida. Sempre houbo xente "cosmopolita" e non se lles consideraba emigrantes en sentido estrito, aínda que obviamente moita desta emigración de "colo branco" é tamén emigración económica, de xente que pola súa cualificación non atopa traballos axeitados no noso país. Mágoa agora que temos o tan traído tema da "fuga de cerebros" que moitas das nosas mellores fillas e fillos estean traballando en equipos rivais.

É consciente o pobo galego, tanto do interior como da diáspora, dos efectos negativos que ten a emigración nas persoas e no país?

Deixando de lado os propios colectivos implicados, un ten a sensación de que colectivamente fixemos unha narrativa bucólica da emigración, da morriña, do pobo galego como un colectivo de xente traballadora melancólica e submisa que vive como unha fada consubstancial ao país esta sorte de destino, incluíndo o retorno e a separación da descendencia. Por iso no texto reclamabamos unha certa épica migratoria, que noutros países se ten feito (por exemplo en Irlanda) con bastante éxito. O que tratábamos era de integrar esas experiencias negativas nun discurso enriquecedor, da vida como unha peripecia na que un é axente da súa viaxe (aínda que saía mal) pero que non se re-



signou, que loitou para saír adiante, que non encolleu os ombreiros dicindo "seica chove" como no estereotipo...

Ás veces ocorre un fenómeno con certos autoproclamados "líderes" da emigración galega no que se dá a circunstancia de que sufriron o caciquismo nas súas carnes na Galiza e agora eles exercen de caciques co resto de galegos e galegas emigradas (algúns dirixentes de centros galegos, empresarios, funcionarios, políticos...). Como analiza esta circunstancia?

Penso que o que está detrás é un tipo de ideoloxía chamado *familismo amoral* que podemos resumir no seguinte enunciado: "Maximiza a vantaxe material da túa familia nuclear, asumindo que os demais van facer o mesmo" (Banfield, 1958). Unha implicación lóxica desta ideoloxía é: "trata de burlar a lei cando non haxa razóns para temer un castigo" e tamén: "o que pode roubar, rouba". Non é un caso particular da súa situación migratoria, senón que é parte da ideoloxía das sociedades subdesenvolvidas, de feito foi descrito por primeira vez no sur de Italia a finais dos cincuenta. Por que xorde cando son líderes? Porque cando chegan a unha situación de poder, simplemente o poñen en práctica. Obviamente as persoas beneficiadas non teñen por que ser a familia nuclear pero si a "familia" no sentido amplo da palabra, da xente "nosa". Isto non ten que ver exactamente cos partidos aínda que obviamente neles se dá a cotío, precisamente porque tocan poder e a posibilidade de facer favores aumenta proporcionalmente.



asistencia sanitaria



Victoria Portas Mariño. Pontevedra 1976.
Diplomada en Relacións Laborais.
Técnica de Migración na Confederación Intersindical Galega (CIG)

C.- ASISTENCIA SANITARIA PARA EMIGRANTES

O acceso á prestación da asistencia sanitaria varía en función das características específicas de cada caso. Teremos en conta dous factores:

1. PAÍS DE RETORNO

1.1 Países comunitarios e do EEE

Neste caso España exporta a prestación de asistencia sanitaria. Estes países son: Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Islandia, Italia, Reino Unido, Liechtenstein, Noruega, Países Baixos, Portugal, Luxemburgo e Suecia.

1.2 Países cos que España ten subscrito convenio de Seguridade Social onde inclúe a asistencia sanitaria

Os países que teñen convenio con España de asistencia sanitaria son : Andorra, Australia, Brasil, Chile, Ecuador, Eslovaquia, Marrocos, Paraguai, Perú, Tunisia, Ucraína e Uruguai.

1.3 Suíza e outros países cos que España ten convenio de Seguridade Social que non inclúe a exportación da prestación e países cos que non existe convenio.

Neste caso inclúense todos os demais países que non pertencen nin á Unión Europea nin ao Espazo Económico Europeo e que en ningún momento asinaron convenio de asistencia sanitaria con España.

2. SITUACIÓN LABORAL DA/O EMIGRANTE

2.1 Para traballadoras/es:

- a.- Aquelas persoas que cumpran os requisitos necesarios para poder optar ao *subsidio por desemprego do nivel asistencial* para emigrantes retornados. LGSS art.. 215 e 218.1
- b.- Aquelas persoas que retornen dun país do Espazo Económico Europeo, con dereito a *prestación*



por desemprego: Neste caso deberán achegar o **E-301** no Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) do lugar de residencia en España, onde lle será proporcionada a tarxeta sanitaria europea (**TSE**).

- c.- Traballadoras/es que desenvolvan a súa actividade nun país co que España **non** teña convenio polo que o interesado terá que subscribir o convenio especial para dispoñer de asistencia sanitaria. OM 23-12-71, art. 16 OM TAS/2865/03, art. 125.2 LGSS
- d.- Traballadoras/es da Confederación Suíza: as e os familiares residentes en España dunha traballadora ou traballador, de nacionalidade española, sometida/o á lexislación suíza, mantén a posibilidade de ter cobertura sanitaria en España, ao igual que o dito traballador/a nas súas estancias temporais en España.

2.2 Para pensionistas:

- a.- Quen perciba a súa pensión da Seguridade Social española terá só que comunicarlle ao INSS o seu cambio de domicilio.
- b.- Quen perciba a pensión dun país do Espazo Económico Europeo deberá retornar provisto do formulario **E-121**, que lle facilitará o país de que é pensionista, e presentarao no Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que lle corresponda en función de onde fixe a súa residencia. Deste xeito daráselle a alta na asisten-



cia sanitaria en España ao titular e aos beneficiarios/as que tivesen dereito segundo a lexislación estatal (Formulario P-1).

c.- Quen perciba a súa pensión dun país co que España ten convenio de Seguridade Social, que contempla o intercambio de prestacións de asistencia sanitaria (**convenios bilaterais**): (**Andorra, Brasil, Chile, Ecuador, Marrocos, Paraguai, Perú, Tunisia**).

Cando a persoa emigrante pensionista retorne a España proveniente dun destes países, terá que traer un formulario en función do país de que retorne. Desta forma, a Seguridade Social española cobralle ao país emisor o establecido por darlles a cobertura en España ás persoas pensionistas e ás beneficiarias que poidan estar incluídas na súa cartilla, segundo a lexislación española.

| | |
|----------|----------------------------|
| Andorra | Formulario E/AND-7 |
| Brasil | Formulario EB-2 |
| Chile | Formulario E/CHL-09 |
| Ecuador | Formulario EE-6 |
| Marrocos | Formulario EM-7 |

d.- No caso de percibir a súa pensión da Seguridade Social suíza ao retornar terían dúas posibilidades: poden optar por subscribir un **convenio especial** en materia de asistencia sanitaria coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, neste caso están exentos da afiliación ao seguro de doenza suízo; ou ben solicitarlle a algunha das caixas de doenza suízas un formulario **E-121** para a cobertura da dita prestación, igual que calquera cidadán do Espazo Económico Europeo.

e.- No caso de quen perciba a súa pensión dun país co que España **non** ten convenio, ou ben o convenio non contempla o intercambio de presta-

cións de asistencia sanitaria, tamén poden subscribir o convenio especial. (Neste caso existe un prazo de 180 días, dende o seu retorno ou a concesión da pensión, para subscribir o dito convenio).

CONVENIO ESPECIAL NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL

C.- CONVENIO ESPECIAL PARA TRABALLADORAS/ES MIGRANTES E ASISTENCIA SANITARIA

Existen diferentes modalidades de convenios especiais coa Seguridade Social, entre elas os convenios especiais para emigrantes.

Estas modalidades de convenio especial están reguladas na sección 3ª do capítulo II da Orde TAS/2865/2003.

CONVENIO ESPECIAL DE ASISTENCIA SANITARIA PARA PERSOAS PERCEPTORAS DE PENSÍONS SUÍZAS RESIDENTES EN ESPAÑA

5.1 Quen pode subscribilo?

As persoas beneficiarias de pensións previstas pola lexislación federal suíza de Seguridade Social sempre que ostenten a nacionalidade suíza ou española e residan en España e non teñan dereito a cobertura de asistencia sanitaria en España.

5.2 Forma e prazo de solicitude

En calquera momento posterior á data do traslado da súa residencia a España.

5.3 Requisitos

Que a/o solicitante sexa titular dunha pensión ou, no seu caso, dunha renda concedida exclusivamente en virtude da lexislación federal suíza de Seguridade Social e que ostente a nacionalidade suíza ou española.

Acreditar o traslado de residencia e data en que esta queda fixada en España.

Se existisen familiares beneficiarias/os ao seu cargo, deberá acreditar a relación de parentesco.





xantar de confraternidade

marusía

O pasado domingo día 4 de maio tivo lugar no restaurante O Pórtico de Cacheiras (Teo) o xantar anual de confraternidade da Asociación de Emigrantes Retornados "Marusía" cunha gran asistencia de retornados/as de moitos Lugares de Galiza.

O comezo da xornada, as 11 da mañá, arrancou con xogos que nos trouxeron tres dos membros da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, **Paco, Manolo e Xan** que así como ía chegando a xente xa se ían incorporando a máis dunha ducia dos diferentes xogos que había preparados, xa que o fin, non era competir.

Compartimos xogos da nosa infancia, que daquela, gozaban tamén a xente maior e fomos nenos e nenos durante unhas horas. As rapazas e rapaces

tamén participaron e viron como pasaban o tempo seus pais e seus avós.

Despois do xantar tivemos a ledicia de escoitar, pasear e soñar con unha galiza e un mundo moi distinto do que en realidade estamos vivindo. Así nolo mostrou o ecoloxista, **Anxo Moure**, da Asociación Papaventos Escola Ambiental, un "atrapador de contos" que veu desde Chantada co seu "carballoconbotas", entre outros trebellos de singular metáfora e transmitíunos unha boa dose de enerxía e sensibilidade ao través das súas historias para acadar un mundo máis humano.

Como aínda quedaba día, ás e os máis brincallóns continuaron cos xogos unindo ese espazo entre pasado e presente, e metidos xa en horas, fómonos indo devagar até o próximo encontro que agardamos sexa tan ledo coma este.





os xogos tradicionais un elemento imprescindible na procura da nosa identidade



Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional
(agxpt@telefonica.net)

Todas as sociedades, sexa cal sexa o punto do globo onde nos atopemos, foron quen de crear o seu propio catálogo de xogos para satisfacer as necesidades lúdicas de todos e cada un dos seus membros. Nalgunhas sociedades nun estadio máis primitivo de evolución os xogos tradicionais seguen plenamente viventes na actualidade. Noutras socie-

dades, como pode ser a nosa, nun nivel de *progreso* –se candra mal entendido– máis elevado, os xogos de sempre non é que desaparecesen, pero fanse menos presentes no día a día, están máis adurmiñados.

Os galegos e as galegas tivemos necesidade tamén de crear –ou de adaptar, dependendo do caso– os xogos necesarios para xogarmos. E así é que Galiza posúe hoxe un dos catálogos lúdicos máis ricos –pola súa variedade, pero tamén pola súa vixencia– de todos os pobos da península, talvez só superada polo País Vasco e Navarra.

Igual que sucede con outras manifestacións da cultura popular, os xogos tradicionais teñen unha orixe imprecisa. É seguro que algúns naceron a partir do traballo, especialmente dos labores agrícolas –sería o caso das *carreiras de*





burros, do lanzamento de pedra ou da ritual *carreira da fogaza*, só por poñer tres exemplos-, pero outros son difíciles de xustificar desde esta perspectiva, e podemos imaxinalles unha orixe na noite dos tempos, nunha mestura de cerimonia máxica e relixiosas –pensemos, por exemplo, na *pita cega* ou mesmo nas *agachadas*-.

Non temos, evidentemente, datos contrastados referidos á inmensa maioría dos nosos xogos, pero tampouco é demasiado difícil imaxinar o momento no que viron a luz facendo un mínimo exercicio de fantasía e coñecendo as formas de vida da nosa sociedade ao longo da historia. E se non somos quen de imaxinar como naceu tal ou cal xogo, podemos deixar que sexa a propia casualidade quen o contribúa a crear. Os *pelouros* só precisan para seren xogados dunhas pequenas pedriñas que se atopan no medio do camiño no mundo rural. As humildes pedras pasan a ser usadas nun momento dado para *enredar*, facéndoas voar e recolléndoas; o proceso vai-se complicando cando decidimos tirar unha pedra ao aire mentres facemos algún malabarismo con outra que hai no chan... despois tiramos dúas pedras

ao aire... despois... despois, o xogo dos *pelouros* terá nacido. Mesmo o auténtico deporte nacional dos galegos e das galegas, a *estornela* ou *billarda*, posibelmente fose tamén froito da casualidade.

Os xogos tradicionais e a identidade

Sexa cal for a orixe de cada xogo, hai un feito incuestionábel: que o catálogo lúdico tradicional galego chegasen até os nosos días só ten explicación desde un profundo proceso de enculturación, un proceso que leva consigo o mergullo de cada novo membro da nosa sociedade na armazón sociocultural que os galegos e as galegas fomos articulando ao longo da historia. Por outra banda, que hoxe continuemos xogando ao xeito tradicional ten moito que ver cun proceso inconsciente de transmisión, de xeración a xeración, dos xogos ao longo dos tempos. Pero non é só o xogo o que se lega aos máis novos; o catálogo lúdico tradicional transmite, inconscientemente e quéirase ou non- formas de vida, medos, crenzas, formas específicas de integrámonos no medio... Dicíndoo doutro modo, os xogos están impregnados, sen que apenas nos deamos conta, da esencia do ser galego, e isto non choca coa constatación evidente de que teñamos moitos xogos comúns a outras culturas porque o que su-



cedeu con eses xogos –chegados doutros medios culturais ou creados aquí ao mesmo tempo que noutros lugares- foi que nós fomos quen de adaptalos para xogar á nosa maneira, para facelos nosos.

Se os xogos transmiten, pois, o que somos, xogando e mergullando os máis novos, as máis novas, nos xogos tradicionais galegos, estamos contribuíndo a construír esa identidade en que nos sentimos reflectidos como pobo. É feito contrastado que o noso catálogo lúdico foi creado aos poucos para provocar a enculturación dos individuos; tamén o é que fomos quen de transmitir esas creacións lúdicas ao longo dos tempos. A cadea de transmisión dos xogos –e de todos os elementos da cultura popular en xeral- mantívose viva e plenamente vixente até que a sociedade tradicional se

viu ameazada nos seus riscos de identidade por un novo modelo chegado de fóra, produto do desenvolvementismo dos anos 60, precisamente cando se produce a emigración masiva a Europa.

Recuperar os xogos de sempre, porén, non significa necesariamente correr en contra dos tempos. Non se trata de recuperar formas de vida que quedaron atrás, ás veces por fortuna. Trátase, sen dúbida, de devolverlle ao xogo todo o seu valor, de ofertarlles ás nenas e nenos dos nosos días –e tamén ás persoas adultas- opcións lúdicas nas que realmente se demostre que o xogo cumpre todas as súas funcións. No catálogo lúdico tradicional galego hai infinidade de xogos que nos levarán sen quere-lo a aquilo de *xogar por xogar*, a aprender, a gozar, a descubrir, a crear, a imaxinar, a sentir... o verdadeiro sentido do xogo.

AGXPT

O CATÁLOGO LÚDICO TRADICIONAL GALEGO

1. De 0 a 3 anos

- Anainas, cantigas de berce.
- Recitados (partes do corpo, natureza...).
- Contiños.
- Xoguetes para aprender a andar
- ...

2. De 3 a 6 anos

- Recitados, contiños...
- Adiviñas, trabalinguas, coprolalias...
- A boneca e os seus accesorios.
- As tendas, as casiñas.
- ...

3. De 6 a 12 anos

- Chifres, zoadeira, muíño, papaventos...
- “Armas” populares (tirapedras, cichón...).
- Chepa, pano, queda, catro esquinas...
- Corda, corro, pita cega...
- Pelouros, chapas, trompo, bólas...
- ...

4. De 12 a 18 anos

Xogos sedentarios:

- Leiriñas, muíño, misto, sacapauciños...

Xogos predeportivos:

- Estornela, porca, marro, cucaña...

5. Idade adulta

Xogos de competición:

- Carreira da fogaza, carreiras dacabalo, lanzamento de pedra, xogo das olas, pulso, loita...
- Regatas de dornas, de bateis, traíñas...

Espectáculos:

- Corrida do galo, chega de bois, porco ensebado...

6. Vellez

- Ra, petanca...
- Construción de xoguetes, transmisión dos xogos...
- ...